

24 FEBREIRO 2021

184 Aniversario de
ROSALÍA DE CASTRO

CASA - MUSEO
DE
ROSALIA

Casa-Museo de Rosalía de Castro



Rosalía de Castro

(Santiago de Compostela 1837-Padrón 1885)



Rosalía nos seus anos mozos.









Cuarto no que morreu Rosalía de Castro

Rosalía morreu aquí en 1885. Este era o cuarto da escritora, como deixou dito a súa filla Gala, que visitou esta casa en 1950, sesenta e cinco anos despois. No seu leito de morte a escritora pide que lle abran a fiestra, que quere ver o mar. E de certo, Gala confirmou que daquela o mar víase desde aquí e as brancas velas dos galeóns de carga a navegaren polo Ulla, río no que enchen as marés da Arousa e que aínda hoxe chaman “mar” na Terra de Iria. Rosalía tiña corenta e oito anos de idade.



Rosalía no seu leito de morte

Óleo sobre lenzo pintado polo seu fillo Ovidio, aínda un rapaz de catorce anos cando aconteceu a morte de súa nai.

[Museo de Pontevedra]



Cama da familia Murguía - de Castro

Esta cama e os mobles a xogo son unha doazón a esta Casa-Museo de Gala Murguía de Castro, a última descendente de Rosalía e Murguía.



Harmonio que pertenceu a Clemente Eiras.

Eiras era o gaiteiro de Lestrobe que tocaba a Alborada que Rosalía utilizou como base para escribir o seu poema “Alborada” (Doazón da familia Forján Vidal Eiras)



Sofá e butacas da familia Murguía-de Castro. Este tresillo amoblaba a sala familiar até a que foi derradeira residencia na Coruña, onde Gala Murguía de Castro recibe o cumprimento dos académicos, deixándose fotografar con eles neste mesmo sofá o 17 de maio de 1963, cando foi instituído o Día das Letras Galegas.



Retrato de Rosalía de Castro por Modesto Brocos.

Brocos pinta o retrato dunha amiga, unha muller escritora e intelectual.


Rosalía aparece seria, segura e serena. Velaquí o único cadro que coñecemos para o que posou.

Segundo testemuño do artista, en 1880 Brocos visitou en tres ou catro ocasións as Torres de Hermida de Lestrobe para pintar o retrato, cando Rosalía residía nesta casa cos seus fillos, acollida polo seu curmán.

O Cadro estaba aínda sen rematar en 1885, cando aconteceu a morte da escritora, segundo a carta de pésame de Brocos a Murguía.



Retrato de Manuel Murguía
Polo mozo Ovidio Murguía
(1871-1900). Óleo sobre lenzo.









Relicario de Rosalía de Castro. Flor do ramo mortuorio da escritora e anaco da súa mortalla, lembranzas tiradas polas súas fillas en 1891, na traslación dos seus restos ao Panteón de Galegos Ilustres. (Doazón de Isidoro Millán Mariño).

La Coruña

Este pensamiento es de los
más queridos por sus hijas en la
celda donde reposó nuestro querido
padre, entregado por sus hijas al amigo
nuestro padre, don Mercedes Mengue,
a favor de su causa.

La Coruña 22 de abril de
1891
Gala Margarita Castro

Circa mayo 1891



Esta flor pertenece al
ramo que colocó sobre
el pecho de mi Santa
madre, el día que se
enterró.
Alexandra Castro



Coroa enviada pola Lliga de Catalunya con motivo da traslación dos restos mortais de Rosalía ao Panteón de Galegos Ilustres. 1891.









EN ESTA CASA VIVIÓ
Y EN ELLA MURIÓ A 15 DE JULIO DE 1885
LA POETISA POPULAR HONRA DE GALICIA

ROSALÍA CASTRO

NACIDA EN SANTIAGO A 23 DE FEBRERO DE 1837

A. P. BUESO PINEDA, ACADÉMICO C. DE LA ESPAÑOLA LE DEDICA ESTE RECUERDO

15 DE JULIO DE 1900